

CETÁCEOS DE GALICIA

especies frecuentes



BALEA COMÚN *Balaenoptera physalus*
Lonxitude máxima: 23 m.



CACHALOTE *Physeter macrocephalus*
Lonxitude máxima: 18 m.



CANDORCA *Orcinus orca*
Macho. Lonxitude máxima: 6 m.



CALDEIRÓN COMÚN *Globicephala melas*
Lonxitude máxima: 6,5 m.



ARROAZ
Tursiops truncatus
Lonxitude máxima:
3,5 m.



ARROAZ BOTO
Grampus griseus
Lonxitude máxima:
3,5 m.



GOLFIÑO COMÚN *Delphinus delphis*
Lonxitude máxima: 2,20 m.



GOLFIÑO RISCADO *Stenella coeruleoalba*
Lonxitude máxima: 2,20 m.



TONIÑA *Phocoena phocoena*
Lonxitude máxima: 2 m.



GOLFIÑOS, ARROACES, TONIÑAS E BALEAS: OS NÓSOS COMPAÑEIRO DE FATIGAS

Os cetáceos levan vivindo no mar dende hai máis de 60 millóns de anos. Dende entón, sobreviven alimentándose de peixes, cefalópodos e doutros animais mariños. O ser humano comezou a pescar e a obter alimentos do mar dende hai tan só 200 mil anos, durante a Idade de Pedra. Dende entón, os cetáceos comparten o seu hábitat, e os mesmos recursos, cos mariñeiros e navegantes.

Na CEMMA consideramos que no mar ten que haber espazo, e recursos, para todos, humanos e cetáceos. O ecosistema mariño conta con capacidade para manterse, co ser humano integrado no mesmo. É por iso que todos podemos e debemos seguir convivindo xuntos.

FALSOS MITOS

Os cetáceos, ou outros compoñentes do ecosistema, non son o motivo de que se acabe o peixe no mar. O consumo de peixe por parte deles é mínimo se o comparamos coas miles de toneladas de recursos mariños que extrae o ser humano.

Un cetáceo adulto, consume diariamente entre o 1 e o 5% do peso corporal. A toniña non chega aos 100 kg de peso, polo que consume unha media de 2 kg de peixe, iso o día que atopa alimento suficiente.

Aínda que nos poida parecer que hai moitos cetáceos no mar, o seu número nos últimos anos tende a diminuír, calquer mariñeiro maior pode confirmalo.

En Galicia, ao longo dos 1.190 km de costa e 20 mil quilómetros cadrados de superficie da plataforma, a poboación de toniñas está composta por menos de 300 exemplares.

Os cetáceos non dependen dos mariñeiros nin da actividade pesqueira para alimentarse, mais, en ocasións achéganse aos aparellos para obter alimento dun xeito oportunista, e, nese momento, mesmo poden quedar enmallados e morrer ou chegar a provocar danos e roturas dos panos das redes.



A aplicación de telefonía móbil é un material fundamental que dá acceso ao público para trasladar avistamentos. Podes descargala desde o móbil en PLAY STORE e APPLE STORE (buscar **GT Orcas**).

QUE FACER DIANTE DUNHA CAPTURA ACCIDENTAL?

En moitas ocasións, cando se viran os aparellos atópanse na rede, enmallado, o corpo dun cetáceo morto asfixiado ao quedar atrapado e sen poder saír a respirar: capturado accidentalmente. Este tipo de accidentes son totalmente involuntarios e non desexados por parte dos mariñeiros. Prodúcese porque as artes de pesca non son absolutamente selectivas, e cando os animais se achegan aos aparellos para aproveitar o peixe ou simplemente chocan contra eles sen querer ao navegar a cegas.

No caso de que se detecte unha captura accidental dun cetáceo procuraremos poñelo en coñecemento da CEMMA a través do teléfono de emerxencias 112 SOS-GALICIA (chamada gratuíta e operativa 24 h) ou ao da Unidade Móbil da CEMMA 686 98 90 08.

Se o animal **aínda se atopa con vida** liberarémolo inmediata, desemmallando e zafándoo do aparello, se pode ser sen subilo a bordo, o antes posible. Moitos poden morrer tan só coa anguria de sentirse atrapados e manipulados.

Se o animal **está morto**, procuraremos dar aviso e levalo a terra para ser examinado polos técnicos da CEMMA, contribuíndo á investigación ecobiolóxica dos cetaceos.

Traer a terra os cetáceos que morren nas artes de pesca para ser entregados á Rede de Varamentos e que sexan examinados con fins científicos é colaborar na investigación, **non supón ningún tipo de sanción** dado que en canto a CEMMA recibe o aviso asume a responsabilidade do animal a través das autorizacións que ten para tal fin. Esta acción é un xeito de tratar de evitar que estas mortes se sigan producindo.



QUÉ FACER CANDO VEMOS CETÁCEOS DENDE O NOSO BARCO?

Durante as xornadas de navegación é habitual atoparnos cunha manda de golfinhos, ou outros cetáceos, ao noso carón. Nestas ocasións, é moi importante comportarse de xeito respectuoso para non interferir nas súas actividades.

Debemos manter unha distancia mínima de 100 metros coas mandas ou cos animais solitarios. **NUNCA tratar de achegarnos** deliberadamente máis. A partir desa distancia, son os animais os que decidirán achegarse se lles apetece. No caso de observar candorcas non achegarse NUNCA a elas.


Na presenza de cetáceos, diminuiremos a velocidade da embarcación, navegando paralelos a eles, NUNCA perpendicular ou cortándolles o paso. Procuraremos non facer cambios de rumbo ou velocidade.

Os cetáceos viven e desenvolven a súa vida normal preto da costa, teñen e coidan aos seus cachorros, aliméntanse, reproducense, xogan... A nosa presenza non debe alterar **NUNCA** estas actividades normais.

Calquera molestia a un cetáceo, como especie protexida, está prohibido e penalizado pola lexislación vixente:

- Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.

- Real Decreto 1727/2007, de 21 de decembro, polo que se establecen medidas de protección dos cetáceos.



<https://www.cemma.org>
<https://www.facebook.com/cemmacetaceos>
<https://www.instagram.com/cemmacetaceos>
<https://twitter.com/cemmacetaceos>
<https://www.youtube.com/user/cemmacetaceos>

Teléfonos emerxencias
24 horas: 112
CEMMA: 686 98 90 08
cemmaorganizacion@gmail.com



Apdo. 15
Gondomar 36380 (Pontevedra)
Ilustracións: Tokio
2023@CEMMA